



**INFORME DE VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓN AVAILABLES MEDIANTE FÓRMULA, PUNTUACIÓN FINAL E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS POR ORDE DESCENDENTE:**

**I.- ANTECEDENTES**

1.- É obxecto deste informe o expediente administrativo núm. 12941/306 para a contratación da "Prestación do servizo de vixilancia, socorrimos, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios nos areais de Rodas e Figueiras (Illas Cíes), Fortiñón (Saiáns), Canido (San Miguel de Oia), O Vao, Fontaña (Coruxo), Samil (Alcabre), Argazada, O Tombo do Gato, A Punta (Teis) do termo municipal de Vigo, e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida a nos areais de O Vao e Samil, para os anos 2018 e 2019", por procedemento aberto e trámite ordinario, cuxo expediente de contratación cos PPT, PCAP e autorización do gasto foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 1/02/2018 e acordando, tamén, a apertura do procedemento de licitación.

2.- As empresas admitidas no proceso de licitación pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo en sesións do 22 e 27 de marzo de 2018 son as dúas seguintes:

- Emsebur, S.L.
- Move Servicios de Ocio y Deporte, S.L.

A UTE Eulen, S.A., Aunar Group 2009, S.L. foi excluída do proceso de licitación pola Mesa de Contratación en sesión do 22 de marzo de 2018, ó presentar dúas proposicións, artigo 145.3 do TRLCSP.

3. No presente procedemento tal e como reflicte o PCAP, non existen criterios de adxudicación availables mediante xuízo de valor (non existe sobre B).

4. A Mesa de Contratación en sesión do 27 de marzo de 2018, procedeu á apertura do "Sobre C: Proposición available mediante fórmula", dando traslado ó servizo xestor para valoración destas proposicións.

5.- Examinada a documentación presenta polo técnico que subscribe, non se aprecian motivos de exclusión dos previstos na cláusula 13, apartado 5.C), do PCAP.

**II.- VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVAILABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA.**

**1.- Criterios de adxudicación availables a través de fórmula segundo o PCAP.**

Os criterios de adxudicación availables a través de fórmula das ofertas, segundo o establecido no apartado 8. B) das FEC do PCAP, son os seguintes:

***"1.- Redución do prezo: valorarase con ata 80 puntos***

*Para a valoración deste criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 15.*

***2.- Incremento anual do número de horas de libre disposición de persoal socorrista, axudantes de primeiros auxilios ou monitor especialista, cun máximo de 300 horas***



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 02/04/2018 09:47	Páxina 1 de 6
Expediente 12941/306	CSV: 25EB4-885D4-ED5E3-D3B2D	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Concello de Vigo**  
Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

**ASUNTO:** CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019

(excluídas as 120 obligatorias incluídas como bolsa de horas no prego de prescripcións técnicas): valorarase con ata 15 puntos

Para a valoración deste criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 15.

**3.- Redución dos prezos unitarios previstos no apartado 3.G desta FEC para as horas de prestación do servizo segundo a categoría do persoal, de aplicación en caso de modificación do contrato:** valorarase con ata 5 puntos ”

O sistema de valoración destes criterios avaliables mediante fórmula, segundo o establecido na cláusula **15 do PCAP** é o seguinte:

**“1º.-Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración** (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

**a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):**

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranase as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranase as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranase as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

**b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

**c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 02/04/2018 09:47	Páxina 2 de 6
Expediente 12941/306	CSV: 25EB4-885D4-ED5E3-D3B2D	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Concello de Vigo**  
Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

**ASUNTO:** CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferencia entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferença entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

**2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración** (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

**a) Cálculo do valor referencia dos incrementos (Vri):**

O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor más alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranase as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranase as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- más de 15 ofertas: eliminaranase as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

**b) Para valorar incrementos inferiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:**

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vri}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

**c) Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:**

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferencia entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferença entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 02/04/2018 09:47	Páxina 3 de 6
Expediente 12941/306	CSV: 25EB4-885D4-ED5E3-D3B2D	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Concello de Vigo**  
Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

**ASUNTO:** CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019

*exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.*

**4.- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.**

**5.- Os eventuais empates resloveranse no primeiro lugar a favor da oferta que inclúa un menor prezo.**

*En segundo lugar, a favor da empresa que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliables mediante xuízo de valor establecidos na cláusula 8.A das FEC, por orde de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios. En caso de que se asine idéntica ponderación aos criterios, pola orde na que se relacionen na cláusula 8.A das FEC.*

*De persistir o empate, resloverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 %. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á seguridade social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorrese en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.*

*Se continuase o empate efectuarase un sorteo."*

**2.- En aplicación dos anteriores criterios de adxudicación resulta o seguinte:**

a) Orzamento de licitación con IVE é de: 970.255,34 euros.

b) Oferta de Emsebur, S.L.:

- Propón como prezo con IVE.....	: 925.892,00 €
- Incrementa o número de horas anual de libre disposición.....	: 300 h.
- Propón unha baixa proporcional única dos prezos unitarios hora de aplicación en caso de modificación do contrato.....	: 16%

c) Oferta de Move Servicios de Ocio y Deporte, S.L.:

- Propón como prezo con IVE.....	: 969.823,23 €
- Incrementa o número de horas anual de libre disposición.....	: 300 h.
- Propón unha baixa proporcional única dos prezos unitarios hora de aplicación en caso de modificación do contrato.....	: 11,21%

As ofertas presentadas non conteñen valores anormais ou desproporcionados ao abeiro do establecido na cláusula 17.1.b) do PCAP.

A continuación recolle a táboa as proposicións avaliables a través de formula e a puntuación obtida aplicando o sistema de valoración previsto no prego:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 02/04/2018 09:47	Páxina 4 de 6
Expediente 12941/306	CSV: 25EB4-885D4-ED5E3-D3B2D	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Concello de Vigo**  
Medio Ambiente

EXpte.: 12941/306

**ASUNTO:** CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019

CRITERIOS A VALORAR	CRITERIOS DE REFERENCIA DO PCAP	VALOR DE REFERENCIA DAS BAIXAS (Vrb) e VALOR DE REFERENCIA DOS INCREMENTOS (Vri)	PUNTUACIÓN MÁXIMA	EMSEBUR, S.L.		MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L.	
				OFERTADO	PUNTOS	OFERTADO	PUNTOS
Redución do prezo (en euros)	Orzamento de licitación con IVE: 970.255,34 €	Vrb = 22.397,72	80	925.892,00	80	969.823,23	1,23
Incremento número horas anual de libre disposición, excluídas as obligatorias incluídas no PPT (en horas)	Horas mínimas anual obligatorias de libre disposición PPT= 120. Incremento anual máximo horas libre disposición excluídas as obligatorias= 300	Vri = 300	15	300	12	300	12
Baixa proporcional única prezos unitarios hora para prestación servizo en caso de modificación do contrato (en %)	Prezo máximo 13,22 €/h socorr., axud., telefon., monitores; 15,26 €/h para DUE ou GE e condutor para o caso de modificación do contrato.	Vrb = 13,60	5	16	5	11,21	3,29
<b>TOTAL PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA</b>				<b>97,00 PUNTOS</b>		<b>16,52 PUNTOS</b>	



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/04/2018 09:47 | Página 5 de 6

Expediente 12941/306

CSV: 25EB4-885D4-ED5E3-D3B2D

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**  
Medio Ambiente

EXpte.: 12941/306

**ASUNTO:** CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019

**III.- PUNTUACIÓN FINAL OBTIDA NO PROCESO DE LICITACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS POR ORDE DESCENDENTE.**

No seguinte resumo recóllese a puntuación final obtida polas entidades licitadoras nas proposicións obxecto de valoración e **clasificada por orde descendente**

CLASIFICACIÓN	EMPRESA	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FORMULA	PUNTUACIÓN TOTAL
1 <sup>a</sup>	EMSEBUR, S.L.	97,00	97,00
2 <sup>a</sup>	MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L.	16,52	16,52

Vigo, na data da sinatura electrónica  
O xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo  
Secundino Otero Faílde



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 02/04/2018 09:47	Páxina 6 de 6
Expediente 12941/306	CSV: 25EB4-885D4-ED5E3-D3B2D	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		